

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 06 DE MAIO DO 2021.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE RUIZ REIRIZ ANA ISABEL DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREIRA AGEITOS ELVIRA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	--

Reúnense de forma telemática ao amparo do artigo 46.3 da Lei de Bases de Rexime Local, sendo as 09:30 do día seis de maio do dous mil vinte e un, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 29/04/2021.

2.- CONTRATACIÓN

2.1.- DEVOLUCIÓN GARANTÍA COMPLEMENTARIA: MELLORA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE A FIEITEIRA

CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA COMPLEMENTARIA DEPOSITADA POLA EMPRESA "CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L." PARA RESPONDER DAS OBRAS DO LOTE 2:



CIRCUITO PUMP TRACK, DO CONTRATO DE “MELLORAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE A FIEITEIRA”.

Expediente:2020/C_OB000018

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “MELLORAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE A FIEITEIRA” dividido nos seguintes lotes:

- Lote 1: Reformas no vestuario, impermeabilización de terraza e reformas no almacén.
- Lote 2: Circuito pump track.

A adxudicación dos dous lotes realizouse por Decreto da alcaldía 202009/294 na data 24/09/2020, a favor da empresa “CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.” (NIF: B15985187), e o correspondente contrato asinouse na data 25/09/2020.

A empresa adxudicataria constituíu e depositou unha garantía complementaria de 1.550,00 euros para o Lote 2: Circuito pump track, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade deste Concello na data 18/09/2020 (nº operación: 2020 33010526), xustificativa de constitución de aval do Banco Santander.

Visto o escrito presentado por José Anselmo Seráns Millán, en nome da empresa “Construcciones Anspal, S.L.”, que tivo entrada no rexistro xeral do Concello na data 10/01/2021 co número 244, por medio do que solicita a devolución da garantía complementaria depositada.

Tendo en conta que o Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 23/07/2020, non esixe a constitución de ningunha garantía complementaria.

VISTA a proposta da Alcaldía, de data 29/04/2021, **a XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte ACORDO:**

A cancelación e devolución da garantía complementaria de 1.550,00 euros, constituída e depositada por “CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.” (NIF: B15985187), para responder da execución das obras do Lote 2: Circuito pump track do contrato “MELLORAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE A FIEITEIRA”.

3.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA

3.1.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202104/375

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/04/2021 “Decreto: Convenio de cooperación entre a secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Ribeira para a realización das obras de “Ampliación do Complexo deportivo de A Fieiteira: Módulo Cuberto de Atletismo””



4.- LICENZAS URBANÍSTICAS

4.1.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 27.04.2021:

- 5370 09.04.2021 COMUNIDAD PROPIETARIOS XUNQUEIRAS, mantenimiento de fachada lateral, en rúa Escritor Manuel María, 2, 4, 6, 8, Ribeira.
- 5375 09.04.2021 JOSÉ MANUEL DOMÍNGUEZ POUSO, construír cierre de parcela, en Olveira.
- 5359 09.04.2021 EDUARDO PAZ BOO, cierre de finca, rúa de Galicia, Palmeira.
- 5379 09.04.2021 LUIS FERNÁNDEZ SARASQUETE, cambio de las ventanas en un piso, rúa Avda. do Malecón, 12-2º-B, Ribeira.
- 5417 09.04.2021 JOSÉ ANGEL SILVA GONZÁLEZ, reparar muro exterior, rúa Francisco Lorenzo Mariño (anexo nº 80), Aguiño.
- 5476 12.04.2021 IVAN SAMPEDRO SAMPEDRO, instalación de piscina de poliéster, en rúa Castelao, Aguiño.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 28.04.2021:

- 722 19.01.2021 TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., destapar CR2 del bloque de hormigón y poder acceder a ella para realizar un empalme de fibra óptica en rúa Listres, 1, Aguiño.
- 5594 13.04.2021 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., línea de baja tensión subterránea de 2,00 m. de longitud, para atender a solicitud de 20 KW, para uso público en Polígono Industrial Polígono 938, parcela 1153, Ribeira.
- 6332 23.04.2021 VIAQUA, S.A.U. (JOSÉ SAMPEDRO CAMEAN), renovación de acometida de agua, en rúa Cristóbal Colón, 52-rúa Irmandiños, 22, Ribeira.
- 6331 23.04.2021 VIAQUA S.A.U. (JOSÉ ESCUDERO PÉREZ), acometida de agua en rúa Habana, 11, Ribeira.
- 6330 23.04.2021 VIAQUA S.A.U. (BENJAMÍN MORAÑA CABO), acometida de agua y de pluviales, Carreiraña, 11, Carreira.
- 6329 23.04.2021 VIAQUA S.A.U. (JOSÉ ANTONIO SANTAMARÍA FARIÑA), acometida de agua en Bretal, 87, Olveira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 29.04.2021:

- 5504 12.04.2021 JOSÉ AYASO MARTÍNEZ, realizar mejora de la capa de impermeabilización de unos alpendres, en Porto Chouzo, Oleiros.
- 5527 12.04.2021 MARINA VILAS PENSADO, obras de mantenimiento, conservación y aislamiento, rúa Bandarriego, 24, Corrubedo.
- 5561 13.04.2021 JOSÉ ANTONIO CAMPAÑA MARTÍNEZ, arreglo de tejado y alpendre, en rúa Castelao, 13, Aguiño.



5587 13.04.2021 ESTRELLA MARTÍNEZ SAMPEDRO, cambio de cubierta de garaje y cambio cubierta almacén anexo a vivienda, en Sirves, 142, Oliveira.

5618 13.04.2021 MANUELA POZAS PÉREZ, cierre de parcela, en Revolta, Castiñeiras.

5.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS

5.1.- SOLICITUDE DE INFORMACION URBANISTICA: VENTURA GARCÍA PÉREZ

Visto o escrito presentado por Ventura García Pérez, de data 14/04/2021 (Rexistro de entrada nº 5.695), no que solicita certificación urbanística de solo rústico en parcela situada en Carreira – Ref. catastral: 15078A022007880000KH.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 27/04/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo co PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado en sesión extraordinaria celebrada o 17 de decembro de 2.002. Ao obxecto de ver a viabilidade do solicitado e axustarse á normativa reseñada, e a Lei do Solo 2/2016, a Disposición Transitoria Primeira, e ademáis para este caso concreto, no que se sinala unha finca de Polígono 22 e número de finca 788 de referencia catastral 15078A022007880000KH está clasificada como **SOLO RÚSTICO**.

6.- VAOS PERMANENTES

6.1.- SOLICITUDE VAO PERMANENTE RUA DELICIAS, 3 CORRUBEDO - JOSÉ MARÍA SANTOS SANLÉS

Visto o escrito presentado por José María Santos Sanlés, de data 26/04/2021 (Rexistro de entrada nº 6.394), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Delicias, nº 3 (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 28/04/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Conceder a José María Santos Sanlés autorización para a instalación dun senal de vao permanente (2,00 m.), con reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Delicias, nº 3 (Corrubedo), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



7.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

7.1.- SINALIZACIÓN DE PASO CORTADO DA TRAVESÍA CANARIAS DURANTE A ENTRADA E SAÍDA DO CEIP O GRUPO

ACORDO RELATIVO Á SINALIZACIÓN DE PASO CORTADO DA TRAVESÍA DE CANARIAS (RIBEIRA), EN HORARIO DE ENTRADA E SAÍDA DO CEIP “O GRUPO”

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 03/05/2021, a instancias da Concelleira Delegada de educación e a petición da dirección do CEIP e representantes da ANPA, relativa á necesidade da instalación de sinalización vertical na Travesía de Canarias co fin de facilitar a seguridade viaria nas horas de entrada e saída de alumnos no CEIP “O Grupo”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a proposta para a mellora da seguridade vial presentada, e que se proceda á instalación da sinalización vertical, segundo o indicado na citada proposta, que a continuación se describe:

- Un cartel indicativo de *“paso prohibido a 100 metros, os días lectivos, de 08:45 a 09:30 e de 13:30 a 14:00 horas”*, coa indicación do desvío cara a rúa Mendiño, na Travesía de Canarias, inmediatamente despois do cruce con Mariño de Rivera.
- Outro cartel que conteña a sinal R-101 para prohibir o paso cara a rúa de Canarias desde o cruce de Travesía de Canarias e o desvío cara a rúa Mendiño.
- O tamaño e formato dos carteis será de 60x40 cm, con fondo branco e coas esquinas redondeadas. O primeiro deberá conter, ademais, un croquis ilustrativo tal como o sinalado na citada proposta.

7.2.- REGULACIÓN DO TRÁFICO CEIP PLURILINGÜE DE PALMEIRA

ACORDO RELATIVO Á REGULACIÓN DO TRÁFICO NO CEIP PLURILÍNGÜE DE PALMEIRA

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 16/04/2021, relativa á necesidade regular o tráfico nas rúas circundantes ao CEIP Plurilíngüe de Palmeira (instalación de sinais verticais e paso de peóns), con fin de mellorar a seguridade vial para maior protección dos alumnos do CEIP nos horarios de entrada e saída.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a proposta para a mellora da seguridade vial presentada, e que se proceda á instalación da sinalización vertical e horizontal, segundo o indicado na citada proposta, que a continuación se describe:

- Unha sinal vertical de **sentido obrigatorio á dereita R-400 a**, para os vehículos que circulan en sentido ascendente pola rúa Barreiro.
- Unha sinal vertical de **entrada prohibida R-101** na rúa Miñoteiro, prohibindo a entrada de Norte a Sur, de tal xeito que os vehículos circulen nun so sentido.
- Unha sinal vertical de **prohibido estacionar R-308**, na marxe esquerda no sentido de circulación, para protexer aos escolares cando acceden á vía pública.
- Pintado de **paso de peóns** desde a porta de saída á parede de enfronte.
- A retirada da **sinal vertical de perigo** pola proximidade frecuentado por peóns P-20, e colocar unha con maior visibilidade no sentido de circulación.



7.3.- HABILITACIÓN DE DÚAS PRAZAS DE ESTACIONAMENTO PARA TURIMOS A SÓ MOTOS NO CRUCE DAS ESTRADAS DE A FIEITEIRA - FAFIAN

ACORDO RELATIVO Á HABILITACIÓN DE PRAZAS DE ESTACIONAMENTO PARA MOTOCICLETAS NO CRUCE DAS RÚAS DA FIEITEIRA CON FAFIÁN

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 30/04/2021, a instancia do Xerente de Actividades Deportivas, relativa á habilitación de prazas de estacionamento para motocicletas, substituíndo dúas prazas para coches, no cruce das rúas de A Fieiteira e a que provén de Fafián (Ribeira), co fin de mellorar a súa visibilidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a citada proposta, e que se proceda a habilitar unhas prazas de estacionamento para motocicletas nas dúas prazas pra coches máis cercanas ao citado cruce, co fin de mellorar a seguridade vial coa mellora da visibilidade.

7.4.- SOLICITUDE INSTALACION SINAL DE DIRECCION OBRIGATORIA EN TRAVESIA DELICIAS

ACORDO RELATIVO A SOLICITUDE DE REGULACIÓN DO TRÁFICO NA ZONA DA PRAIA DA LADEIRA (CORRUBEDO)

Visto o escrito presentado por **José Francisco Parente Martínez**, de data 13/04/2021 (Rexistro de entrada nº 5.614), no que solicita a reposición dunha sinal de dirección obrigatoria á dereita, na rúa Pedra do Pino, e se coloque unha sinal de paso prohibido en Travesía Delicias, co fin de mellorar a seguridade dos peóns na zona da Ladeira (Corrubedo).

Visto o informe descritivo e gráfico emitido ao respecto pola Policía Local, de data 17/04/2021.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- No relativo á regularización da calle nun so sentido de circulación, o cal dará maior fluidez ao tráfico e xeneraría máis estacionamentos, deberá habilitarse a circulación en sentido circular que, según o sinalado no citado informe policial quedaría do sente xeito: Desde o acceso Travesía das Delicias, prohibir a entrada coa sinal entrada prohibida (R-101), emprazada na marxe dereita e a sinal sentido obrigatorio á esquerda (R-400), na marxe esquerda, para dar maior visibilidade da sinalización aos condutores.
- Desde a Travesía de Pedra do Pino, que se accede desde a rúa Buenos Aires, deberá colocarse a sinal vertical de sentido obrigatorio á esquerda (R-400) para acceder á praia da Ladeira, según o sinalado no citado informe policial.
- Na rúa Pedra do Pino deberá colocarse a sinal de sentido obrigatorio á dereita (R-400) e, así mesmo, a sinal de entrada **prohibida a Pedro do Pino** de xeito que o acceso á praia da Ladeira tería un so sentido de circulación, gañando en estacionamentos e en fluidez do tráfico, según o sinalado no citado informe policial.



7.5.- SOLICITUDE AXUDAS INCLUSION SOCIAL - PAGO DE GASTOS DE ALOXAMENTO DE URXENCIA.

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 30/04/2021, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por XXXXX XXXXX XXXXX XXXXX, mediante escrito de data 13/04/2021.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 30/04/2021, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a XXXXXX XXXXXX XXXXXX XXXXXXXX unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **217,00 €**, para sufragar os gastos derivados dun aloxamento de urxencia durante nove días no Hostal Carolinas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 06/05/2021
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 07/05/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/05/2021 11:13:27

